



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 9 DE ABRIL DE 2011.

ALCALDE:

D. Mariano Iglesias Castro PSdeG – PSOE

CONCELLEIRO/AS:

D. Antonio Quindimil García. PSdeG – PSOE

D. Gervasio Sánchez Barreiro. PSdeG – PSOE

D^a Pilar Sánchez Ulloa. PSdeG – PSOE

D. José Ángel Sánchez Sánchez. PSdeG – PSOE

D. José Fernando García Lesta PSdeG – PSOE

D. Severino Álvarez Monteserín. PP

D^a María José Quindimil Suárez. PP

D. Adolfo Grobas Vázquez PP

D. Pedro M. Pedreira Candal. BNG

D. Manoel Bello Salvado. BNG

SECRETARIO :

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 9 de abril de 2011, sendo as dez horas e trinta minutos, na Sala de Sesións da Casa Consistorial, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

"1. APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 22 DE XANEIRO E 15 DE MARZO DE 2011.

Abre a sesión o Sr. Alcalde preguntando se por parte dos concelleiros se quere facer algunha aclaración dos borradores das actas correspondente ás sesións sinaladas no epígrafe.

Non habendo pronunciamentos ó respecto, sometese a votación a aprobación do acordo, adoptándose por unanimidade dos membros presentes.

En consecuencia, se elevan a definitivas para a súa transcripción ó Libro de Actas.

"2. RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 2/2011.

O Sr. Alcalde da conta da proposta de Alcaldía que, de seguido, se transcribe:

*“PROPOSTA Ó PLENO DE APROBACIÓN DO RECOÑECIMENTO
EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS*



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

D. Mariano Iglesias Castro, Alcalde do concello de Mesía, tendo en conta a existencia de facturas e obrigas pendentes de pago correspondentes a exercicios anteriores.

Considerando, de conformidade co disposto no artigo 176 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, que con cargo ós créditos do estado de gastos de cada orzamento só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Considerando que, nembargantes, o artigo 26.2.c) do Real decreto 500/90, en relación co artigo 60.2 do mesmo texto legal, permite imputar ó exercicio corrente as obrigas procedentes de exercicios anteriores derivadas do recoñecemento extraxudicial de créditos.

Visto o informe da Intervención incorporado ó expediente.

De conformidade coa base 14ª de execución do orzamento, e os artigos 26.2.c) e 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril propoño ao Pleno a adopción do seguinte Acordo:

PRIMERO. Aprobalo recoñecemento dos créditos correspondentes a exercicios anteriores que se relacionan de seguido:

EMPRESARIO	DATA FACT.	Nº. FACT.	CONCEPTO	IMPORTE €	PART.
UDESА	30/06/2010	263/P	CONTRATO FRA. CAMPO FUTBOL ALBIXOI	485,88€	3.21
UDESА	23/12/2010	601/P	CONTRATO FRA. BOMBEO AUGAS RESIDUAIS	171,09€	1.21
UDESА	07/05/2010	107/P	CONTRATO FRA. CENTRO DE SAUDE DE XANCEDA	957,56€	3.21
UDESА	07/05/2010	108/P	CONTRATO FRA. CASA DA CULTURA DE XANCEDA	845,86€	9.21
INTURASA PEREZ RUMBAO, S.A.	23/11/2010	GC1003374	REPARACION VEHICULO CONCELLO	358,05€	4.21
			TOTAIS	2.818,44€	

SEGUNDO. Aplicar, con cargo ao Presuposto do exercicio 2011 os correspondentes créditos por importe de 2.818,44 euros, con cargo as partidas 9.21, 3.21, e 4.21, das cales realizouse a correspondente retención.

En Mesía, a 1 de abril de 2011 O Alcalde, Asdo.: Mariano Iglesias Castro."

Toma a palabra o Sr. Alcalde para manifestar que o que aquí se pretende aprobar son unha serie de facturas que corresponden ó pasado exercicio pero que se trasapelaron por parte do provedor e se presentaron este ano, polo que corresponde ó pleno aprobalas.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Non habendo máis intervencións, o Alcalde somete a votación a proposta, acadándose o seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes, quedando, polo tanto, aprobado o acordo transcrito.

"3. RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS Ó PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL TRAS A SÚA ADAPTACIÓN Á LEI 2/2010. ACORDOS QUE PROCEDAN.

O Secretario fai lectura da proposta da Alcaldía, da que o seu teor literal di

“PROPOSTA DA ALCADÍA-PRESIDENCIA Ó CONCELLO PLENO

D. Mariano Iglesias Castro, Alcalde do Concello de Mesía, considerando os antecedentes que, de seguido, se expoñen:

En data 9 de abril de 2010 o Concello Pleno aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal, incluído o Informe de sostenibilidade Ambiental, ao abeiro da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e da Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, seguido dos preceptivos trámites de información pública, consultas e informes sectoriais e audiencia ós concellos limítrofes.

En data 21 de abril de 2010 entrou en vigor a Lei 2/2010, de 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, de 30 de decembro, o que obrigou a adaptar á mesma o Plan inicialmente aprobado, dando lugar así a unha nova aprobación inicial, seguida novamente dos preceptivos trámites de información pública, consultas e informes sectoriais e audiencia ós concellos limítrofes.

Unha vez finalizada esta nova información pública, na que se presentan 217 alegacións, o equipo redactor presenta o Documento de resolución de alegacións, Documento que inclúe tanto o informe de contestación ás alegacións como planos de clasificación e ordenación incorporando as modificacións derivadas das alegacións estimadas e das consultas e informes sectoriais recibidos.

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa de seguimento do Plan Xeral, e de conformidade co disposto na disposición transitoria 1ª.2 da Lei 2/2010, de 25 de marzo, en relación co artigo 85 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, propono ó Concello Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- *Prestar conformidade ó Informe Técnico de Contestación ás Alegacións presentado polo equipo redactor e incorporado no Documento de resolución de alegacións, e, en consecuencia, resolver, no sentido que se indica, as alegacións presentadas:*

- a) *Estimar as alegacións cos seguintes números de rexistro, do ano 2010: 3685, 3688, 3689, 3726, 3730, 3734, 3735, 3738, 3760, 3761, 3762, 3763, 3764, 3773; do ano 2011: 15, 24, 25, 30, 33, 34, 44, 57, 59, 62, 77, 79, 82, 85, 92, 93, 95, 105, 108, 109, 116, 125, 136, 142, 144,*



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

147, 149, 166, 177, 178, 179, 181, 196, 209, 217, 219, 221, 223, 243, 248, 252, 265, 266, 273, 284, 285, 286, 287, 309, 328, 340, 367, 369, 371, 382, 383, 385, 391, 392, 416, 419, 420, 421, 424, 429, 430, 442, 443, 446, 455, 458, 459, 462, 463, 466, 473, 474, 475, 476, 481, 483, 488, 496, 497, 504, 507, 521, 530, 532, 539, 542, 555, 558, 560, 564, 569, 570, 572, 573, 575, 576, 577, 579, 581, 582, 583, 592, 593.

- b) *Desestimar as alegacións cos seguintes números de rexistro, do ano 2010: 3668, 3676, 3684, 3690, 3731; do ano 2011: 7, 14, 27, 36, 58, 63, 94, 96, 115, 123, 132, 134, 154, 164, 208, 242, 255, 258, 263, 272, 282, 283, 299, 306, 329, 335, 336, 339, 370, 81, 390, 413, 433, 447, 448, 450, 451, 464, 482, 487, 491, 492, 493, 495, 508, 509, 510, 511, 512, 513, 514, 520, 524, 525, 526, 527, 528, 533, 534, 537, 538, 541, 543, 544, 545, 546, 547, 548, 557, 559, 565, 567, 574, 578, 588, 589.*
- c) *Estimar parcialmente as alegacións cos seguintes números de rexistro do ano 2011: 6, 60, 61, 88, 249, 477, 540, 561, 562, 566, 568, 571, 591, 598.*

SEGUNDO: Aprobar o Documento de resolución das alegacións presentadas no trámite de información pública do Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado inicialmente e adaptado á Lei 2/2010, de 25 de marzo, documento que incorpora as modificacións derivadas das alegacións estimadas e os informes sectoriais recibidos.

TERCEIRO: Acordar a elaboración do documento que tome en consideración o informe de sostenibilidade ambiental, as alegacións e os informes presentados no período de consultas, así como unha proposta de memoria ambiental, ós efectos da súa remisión ó órgano ambiental competente."

En Mesía, 6 de abril de 2011 O alcalde, Asdo./ Mariano Iglesias Castro."

Toma a palabra o Sr. Alcalde, quen manifesta que, rematada a exposición pública do Plan, presentáronse 217 alegacións, das que se estiman integramente 122, se desestiman 81 e se estiman parcialmente 14. A maioría das alegacións, 185, solicitaban a inclusión en núcleo. O que fixo o equipo redactor foi aplicar os criterios legais que correspondían en cada caso. Coido que debemos sentirnos satisfeitos, xa que dos aproximadamente tres mil quiñentos propietarios só oitenta e oito alegacións quedan sen resolver favorablemente. Tamén debemos congratularnos da celeridade con que se está tramitando o Plan. Haberá detractores pero é mellor sacar adiante un Plan, aínda que sexa susceptible de mellora, que enrocarse nun documento que cando vexa a luz xa non sirva para nada. Paso a palabra ós voceiros dos grupos políticos.

Toma a palabra o Sr. Bello, quen manifesta que si ben o Plan podería ser mellor, debe terse en conta que todos e cada un de nós aportamos e poñemos o noso grao de area, e que o realmente importante é dar solucións ós problemas que ten a xente. En todo caso, debemos estar satisfeitos e esperar que a Xunta o acepte.

Toma a palabra o Sr. Álvarez, quen manifesta que o noso grupo vaise manter na postura de sempre en relación con este asunto, que é evitar a demagogia. Todo documento pode ser revisado ou ter outros enfoques, e non se pode contentar a todo o mundo, pero



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

sentímonos satisfeitos da concordia entre todos os grupos neste Concello, sendo o importante que o documento sexa útil para os veciños e que as instancias superiores axilicen os trámites que correspondan.

Non habendo máis intervencións, o Alcalde somete a votación a proposta, acadándose o seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes, quedando, polo tanto, aprobado o acordo transcrito.

"4. SOLICITUDE DE ADHESIÓN Ó CONVENIO MARCO ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO E A XUNTA DE GALICIA PARA A IMPLANTACIÓN DUNHA REDE DE OFICINAS INTEGRADAS DE ATENCIÓN CIUDADAN NO ÁMBITO TERRITORIAL DE GALICIA

O Sr. Alcalde da conta da proposta de Alcaldía que, de seguido, se transcribe:

"SOLICITUDE DE ADHESIÓN Ó CONVENIO MARCO ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO E A XUNTA DE GALICIA PARA A IMPLANTACIÓN DUNHA REDE DE OFICINAS INTEGRADAS DE ATENCIÓN CIUDADAN NO ÁMBITO TERRITORIAL DE GALICIA

Visto que no ano 2006 a "Administración General do Estado" puxo en marcha a Rede 060, unha iniciativa que establece un novo modelo de servizo público, no que os cidadáns poden realizar xestións ou recibir información de calquera das tres administracións involucradas no proxecto (Central, Autonómica e Local) de tres xeitos diferentes: en oficinas, a través de internet ou por teléfono.

Visto que con data de 17 de abril de 2007 asinouse un convenio marco de colaboración entre a Administración Xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia, publicado no Boletín Oficial do Estado número 160, de 05.07.2007, e no Diario Oficial de Galicia número 131, do 06.07.2007. Este convenio ten como obxectivo o desenvolvemento das actuacións precisas para establecer, no ámbito territorial de Galicia, unha rede de espazos comúns de atención ao cidadán que permitan a prestación de servizos integrados de información, orientación, atención e tramitación sobre determinados aspectos da actividade administrativa, coordinando para tal fin o exercicio das competencias das administracións intervenientes, entendendo por tales, as asinantes do convenio e as que se adhiran nun futuro.

Visto que entre as medidas tendentes a lograr o mencionado modelo de funcionamento administrativo destaca a de implantar, nas entidades locais que se adhiran, oficinas integradas de atención ao cidadán (ventanilla única, información e tramitación) reservando o nivel de ventanilla única para que os cidadáns poidan presentar nos rexistros dos concellos adheridos solicitudes, escritos e comunicacións dirixidos á Administración Xeral do Estado e á Xunta de Galicia.

Polo exposto propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Primeiro.- Solicitar a adhesión ó Convenio de data 17 de abril de 2007 publicado no Boletín Oficial do Estado nº 160, de 5 de xullo de 2007, e no diario Oficial de Galicia nº 131, do 6 de xuño de 2007, suscrito entre a Administración Xeral do Estado e a Xunta de Galicia para a implantación dunha rede de espazos comúns de atención ó cidadán no ámbito territorial de Galicia.

Mesía, 5 de abril de 2011 O Alcalde,Asdo.:Mariano Iglesias Castro”

Toma a palabra o Sr. Alcalde, quen manifesta que a adhesión a este convenio é fundamentalmente para que podamos seguir facendo trámites coa Seguridade Social, trámites que xa se fixeron nestes últimos anos e respecto dos que cada vez estamos a ter máis atrancos, primeiro que as compulsas non as podían facer os funcionarios, que tiña que facelas o secretario do xulgado de paz, logo xa tampouco valían as compulsas do xulgado de paz. En definitiva, coa adhesión a este convenio, axilizaranse todos estes trámites.

Non habendo máis intervencións, o Alcalde somete a votación a proposta, acadándose o seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes, quedando, polo tanto, aprobado o acordo transcrito.

"5. RATIFICACIÓN ADHESIÓN Ó CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEGAMP PARA O DESENVOLVEMENTO DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA NAS ENTIDADES LOCAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

O Sr. Alcalde da conta da proposta de Alcaldía que, de seguido, se transcribe:

“RATIFICACIÓN ADHESIÓN Ó CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEGAMP PARA O DESENVOLVEMENTO DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA NAS ENTIDADES LOCAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Visto o Convenio de colaboración para o desenvolvemento da administración electrónica nas entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia asinado entre a Xunta de Galicia e a Fegamp en data 13 de xullo de 2010.

Tendo en conta que dito convenio substitúe ó convenio do Portelo único, e permite ós concellos seguir beneficiándose do catálogo de servizos que este ofrecía, así como acceder a outros que fomentan o impulso da administración electrónica nas entidades locais galegas.

Polo exposto proponho ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Ratificar a solicitude de adhesión ó Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para o desenvolvemento da administración electrónica nas entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

SEGUNDO.- *Manifestar a vontade do Concello de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeición plena a todas elas.*

Mesía, 5 de abril de 2011 O Alcalde,Asdo.:Mariano Iglesias Castro

Toma a palabra o Sr. Alcalde, quen manifesta que este convenio ven a substituír ó convenio do portelo único, fomentando o impulso da administración electrónica no noso concello.

Non habendo máis intervencións, o Alcalde somete a votación a proposta, acadándose o seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes, quedando, polo tanto, aprobado o acordo transcrito.

"6. DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2010.

6.1. DECRETO DE APROBACIÓN.

6.2. INFORME DE ESTABILIDADE.

O Sr. Alcalde da conta do decreto de Alcaldía nº 122 que, de seguido, se transcribe

"D. MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde - Presidente do Concello de Mesía (A Coruña), en virtude das facultades que me confiren os artigos 191 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 90 do RD 500/1990, de 20 de abril, que desenrola a TRLFL en materia de presupostos.

Sendo requisito imprescindible a aprobación da liquidación, previo informe da Intervención.

Visto o informe da liquidación e o de estabilidade orzamentaria elaborado polos Servizos de Intervención do Concello de data 11 de marzo de 2011.

RESOLVO:

PRIMEIRO: Aprobar a liquidación do Orzamento do 2010, no que se puxeron de manifesto as seguintes magnitudes:

<i>Dereitos pendentes de cobro a 31/12/2010</i>	<i>70.401,92€</i>
<i>Obrigas pendentes de pago á 31/12/2010</i>	<i>273.890,62€</i>
<i>Resultado presupuestario do exercicio (con axustes)</i>	<i>136.150,62€</i>
<i>Resultado presupuestario do exercicio (sen axustes)</i>	<i>-106.320,86€</i>
<i>Remanente de crédito non comprometido</i>	<i>0,00€</i>
<i>Remanente de crédito comprometido</i>	<i>906.154,82€</i>
<i>Remanente de Tesourería</i>	<i>361.925,32€</i>
<i>Para gastos con financiación afectada</i>	<i>6.584,96€</i>
<i>Para gastos xerais</i>	<i>350.429,54€</i>
<i>Estado de Tesourería: Existencias totais a 31/12/2010</i>	<i>565.414,02€</i>



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

SEGUNDO: Dar conta da aprobación da liquidación ao Pleno na primeira sesión que se celebre.

TERCEIRO: Remitir unha copia da liquidación do Presuposto a Comunidade Autónoma e Delegación Especial de Economía e Facenda de A Coruña.

En Mesía, a 11 de marzo de 2011. O ALCALDE. Asdo.- Mariano Iglesias Castro. Ante min, O Secretario. Asdo.- Eladio Bendaña Pardo"

Así mesmo, dáse conta do informe de estabilidade, do que resulta que "A liquidación do orzamento do Concello de Mesía do ano 2010, cumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria, entendida como o situación de equilibrio ou superávit en termos de capacidade de financiación de acordo coa definición contida no SEC 95."

Toma a palabra o Sr. Alcalde, quen manifesta que desta liquidación deben salientarse dous parámetros, o remanente de tesourería, que ascende a trescentos sesenta mil euros, e as existencias en caixa a trinta e un de decembro, que ascenden a quiñentos sesenta e cinco mil euros, e que nos permiten atender puntualmente as nosas obrigas.

Paso a palabra ós voceiros dos grupos políticos.

Toma a palabra o Sr. Pedreira, quen manifesta que, visto o estado de tesourería, e dado o endebedamento que ten o concello, sería bo ir liberando desa losa que se deixa para futuras corporacións e que se fora dando saída ó préstamo.

Toma a palabra o Sr. Álvarez, quen manifesta que pola nosa parte, congratúlanos que, vista a situación económica de moitas entidades locais, permite, cando menos os nosos provedores, ver o futuro con certa tranquilidade. Agora ben, cada quen administra os cartos segundo o seu propio entender.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, quen manifesta que, en relación co manifestado polo Sr. Pedreira, unha cosa é ter tesourería e outra distinta é ter crédito. En todo caso, debo salientar que esta equipo de goberno fixo un importante esforzo esta lexislatura para ir mitigando débedas, chegando a pagar máis de douscentos mil euros de débeda anterior ó ano dous mil sete. Ésa é a nosa xestión.

Non habendo máis intervencións, os concelleiros quedan enterados.

"7. MOCIÓNS

O Sr. Alcalde pregunta se algún grupo quere, pola vía de urxencia, presentar algunha moción. Non manifestándose nada ó respecto, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

"8. DAR CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA (549 DO ANO 2010 E DO 1 Ó 141 DO ANO 2011)

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen un listado cun extracto dos correspondentes decretos e resolucións, podendo consultar o seu contido íntegro na casa do concello, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.

Non manifestando nada ó respecto ningún concelleiro, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día

"9. DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DENDE O 14 DE XANEIRO DE 2011 ATA O 10 DE MARZO DE 2011.

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen copia das actas da Xunta de Goberno Local, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.

Pregunta o Sr. Pedreira polo punto sete da pasada sesión de dez de febreiro, sobre demolición para recuperación de dominio público, ó que resposta o Sr. Alcalde que o afectado xa fixo polos seus medios a reposición da vía ó estado anterior.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde – Presidente.

Non habendo máis intervencións, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

"10. ROGOS E PREGUNTAS.

Pregunta o Sr. Pedreira pola vivenda de encima do colexio de Mesía, qué criterio vai seguir o concello para dar uso a esa instalación?, se é para xente en estado de necesidade, qué baremación vaise establecer para os solicitantes?

Así mesmo pregunta o Sr. Pedreira que, dado que están próximas as eleccións municipais, en canto ós asfaltados e os farois, qué prácticas vai seguir o concello?, qué orzamento ten previsto?, se alguén pretende que se lle asfalte a eira, qué ten que facer?.

Resposta o Sr. Alcalde que, en canto á primeira pregunta, a obra xa está feita, só faltan os enseres. Pero dado que só hai unha casa, a intención é non outorgala a ninguén en concreto, senón tela dispoñible para algunha emerxencia puntual como pode ser o derrube dalgunha casa ou para casos violencia de xénero.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

En canto á segunda cuestión, ímonos abster de facer obras en campaña pero o trámite para instalar un punto de luz ou asfaltar a un administrado, en primeiro lugar é que se dirixa ó concello, xa que si alguén non se dirixe ó concello comentando o seu problema, malamente se lle pode acometer nada. E o seguinte paso é ver a necesidade da obra e decidir sobre ela obxectivamente.

Toma a palabra o Sr. Álvarez, quen manifesta que quere facer un rogo, e é que algún veciño de Mesía comunicounos que o punto de captación que está en Catro Camiños ten perdas de auga, polo que si pode revisarse, ó que resposta o Sr. Alcalde que se revisará.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que, dado que este é o último pleno ordinario, en nome do meu grupo e do meu quero darlles as grazas polo seu comportamento e aínda que gustaríame que ás veces houberan posto menos pegas, recoñezo que as súas formas sempre foron correctas e educadas. Espero que o meu comportamento tamén o fora, e si non o foi, poden ter por seguro que non o foi de xeito intencionado.

Toma a palabra o Sr. Pedreira, quen manifesta que agradecemos a súa postura, aquí todos vimos a facer unha labor política e representativa polo que non tomamos posturas persoais. Nestas próximas eleccións, nós imaxinamos que non imos saír electos xa que imos máis atrás nas listas pero tamén creemos que o recambio é necesario e que os cargos non se exercen de forma perenne. En todo caso foi unha honra pertencer a esta Corporación.

Toma a palabra o Sr. Álvarez, quen manifesta que eu, en nome do meu grupo, síntome honrado de pertencer a esta Corporación por dous motivos, por unha banda, xa que coído que non hai honor nin orgullo máis grande para alguén que vive nun sitio que ser elixido representante dos seus veciños, e por outra, porque nesta corporación, independentemente da lóxica rivalidade, sempre primou a cordura, polo que agradecemos o trato tanto ós compañeiros do PSOE como do BNG. Tamén agradecemos ós funcionarios a cortesía no seu trato cando viñemos a facer calquera xestión.

Non habendo máis intervencións o Sr. Alcalde - Presidente, sendo as once horas e dez minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario - Interventor, certifico.

Visto e Prace,
O alcalde,